



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 93-2024.

XXXVII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA MÁSTER

- *A todas as delegacións da F.G.A.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia Máster o 26 de maio de 2024 na pista de atletismo de Balaídos (Vigo).

Art.2).- Poderán participar atletas da categoría Máster con licenza na presente tempada pola FGA.

- Límite de probas a realizar por atleta:
 - Máximo 3, sempre e cando sexa posible realizar o Campionato en dúas xornadas. De non ser así, reducirase o número de probas individuais a un máximo de 2.
 - Máximo 2 concursos por atleta.
 - No caso de participar en varias carreiras, só unha poderá superar os 1.000 metros.
 - A remuda non computa.
- Terán preferencia aqueles atletas que acrediten marca oficial durante as tempadas 2023 e 2024.
- Nas carreiras admitirase a un mínimo de 4 atletas por categoría e proba, agás no 5.000, no que a participación limitarase a un máximo de 40 atletas, independentemente da categoría e sexo.
- Nas remudas poderá participar 1 equipo feminino e 1 equipo masculino por entidade e categoría.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 20:00 horas do martes 14 de maio.

- Limitarase a inscrición a un máximo de 3 probas individuais.
 - A FGA eliminará, aleatoriamente, tantas inscricións como sexa preciso daqueles que se inscriban en máis probas das regulamentadas.
- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2023 e 2024.
- Nas remudas deberase indicar, no campo dorsal de cada atleta, a categoría na que participa o seu equipo (M35, F40, ...).
- **Aqueles atletas que se inscriban en 3 probas individuais, deberán indicar "NP" (non prioridade) no campo dorsal da terceira proba en discordia, á cal renunciarían en caso de ser preciso, atendendo ao indicado no artigo anterior.**



Art.4).- Prazos de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do sábado 18 de maio e serán remitidas a eventos@atletismo.gal
- Pasado este prazo, as persoas que non cumpran co establecido nos Art.2 e 3, serán axustadas á normativa pola Dirección Técnica, eliminando aleatoriamente tantas inscricións como sexa preciso.

Art.5).- O número de intentos nos lanzamentos e saltos horizontais será, salvo comunicación futura, de 4.

- De resultar posible a realización de mellora a nivel organizativo, indicarse con posterioridade á listaxe definitiva de admitidos.

Art.6).- Cadencias nos saltos verticais.

As cadencias anunciaranse unha vez publicada a listaxe definitiva de participantes.

Art.7).- Número de táboas nos saltos horizontais:

- No triplo permitiranse ata 3 táboas ou liñas de batida.
- Na lonxitude permitiranse ata 2 táboas ou liñas de batida.

Art.8).- A confección das series e grupos realizarase en función das categorías.

Art.9).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.10).- A presentación de artefactos persoais, para a súa homologación, pechará 1h antes do comezo do primeiro lanzamento de cada xornada, e cunha antelación de 1h30' para os restantes.

Art.11).- Cámara de chamadas.

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras e marcha	5'
Remudas	7'
Concursos	20'
Pértega*	35'

*No caso de haber máis de 8 atletas admitidos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.



Art.12).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, incluídas aquelas nas que estea participando nese intre, no seguinte caso:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos establecidos no artigo 4 do presente regulamento, non tome parte da mesma.

Art.13).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.14).- Horario provisional

HORARIO DO CTO. XUNTA DE GALICIA MÁSTER - XORNADA DE MAÑÁ				
HORA	CARREIRAS	LANZ. LONGOS	PESO	SALTOS VERTICAIS
10:00	5000 Marcha F-M	Xavelina MASC		Altura F-M
10:50				
11:00	Valos Longos F-M	Disco FEM	Peso MASC	
11:20	5000 MASC			
11:50	5000 F-M			
12:00		Xavelina FEM		Pértega F-M
12:20	800 MASC		Peso FEM	
12:45	800 FEM			
12:55	1500 MASC			
13:00		Disco MASC		
13:15	1500 FEM			

HORARIO DO CTO. XUNTA DE GALICIA MÁSTER - XORNADA DE TARDE			
HORA	CARREIRAS	LANZAM. LONGOS	SALTOS HORIZONTAIS
16:30	Valos Curtos F-M	Martelo MASC	Lonxitude FEM
17:10	100 MASC		
17:30	100 FEM		Lonxitude MASC
17:50	400 MASC	Martelo FEM	
18:10	400 FEM		
18:35	3000 Obst. MASC		Triplo FEM
19:00		M. Pesado F-M	
19:10	2000 Obst. F-M		
19:25	200 MASC		Triplo MASC
19:45	200 FEM		
20:05	4x100 MASC		
20:15	4x100 FEM		



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



DEPORTE
GALEGO

Art.15).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta ou equipo de remudas.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta ou equipo de remudas, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.16).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 6 de maio de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo